



MARCAPÁXINAS SOLIDARIOS

15ª Edición - 2023

FICHA DIDÁCTICA





Nome

Evhenia

Idade

6 anos

País

Ucráína

Soño

Soño con ser deseñadora e con ter un can co que xogar.

COÑECE UN POUCO MÁIS SOBRE COMO É A VIDA DE EVHENIA

«Soño con ter un can e ser deseñadora». Evhenia, de só 6 anos, di emocionada que o que máis lle gustaría facer no mundo sería deseñar roupa divertida e bonita. Era unha cativa que ía á escola, xogaba no parque coas súas amigas, tiña xoguetes na casa e para a que, en definitiva, nada no seu mundo estaba fóra de lugar, ata que tivo que abandonalo todo cando comezou a guerra en Ucraína.

Tivo que mudarse coa súa familia desde Berdiansk a Zaporizhzhia, onde comezaron unha nova vida. Evhenia asiste a un Espazo Seguro para a Infancia varias veces á semana, onde pode volver a ser nena lonxe do perigo, onde poder xogar, bailar e vivir experiencias normalizadas, como asistir a un campamento de verán. «Paseamos, corremos, xogamos, facemos concursos de diferentes tipos, adoro os concursos! E podo debuxar, porque o que máis quero é ser deseñadora de moda».

Os soños de Evhenia voan mentres xoga, por exemplo, a que ten unha cafetería coa súa amiga. Isto só pode facelo, exercer o seu dereito a xogar, se se encontra nun espazo seguro e protexido, un lugar onde pode fomentar a creatividade e socializar con outras cativas e cativos lonxe de situacións perigosas, como unha guerra.

A situación xeográfica de Ucraína converteu o país nunha posición historicamente estratéxica. A guerra que comezou hai xa máis dun ano é apenas un capítulo máis nas tensións que leva sufrindo a poboación e que afecta a milleiros de nenas e nenos. Xa en 2014 a situación empeorou e Save the Children leva traballando no país desde aquelas.

Coas seguintes actividades que vos propomos, queremos sensibilizar o voso alumnado ante a situación de desprotección que sofren milleiros de nenas e nenos, que viron as súas vidas cambiar dun día para outro e que non saben cando recuperarán a situación de seguridade que antes tiñan.

Podedes decorar o marcapáxinas coas ideas e reflexións expostas na clase por parte das vosas alumnas e alumnos, que poden personalizar os seus marcapáxinas con outras nenas e nenos que sofren as consecuencias dalgún conflito, como forma de contarlles ós seus familiares o que aprenderon e viron na clase.



OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura a través da historia proposta.
- Coñecer e descubrir o medio que a rodea, establecendo comparacións con outros medios.
- Fomentar ferramentas de investigación.
- Fomentar a lecto-escritura por medio de propostas didácticas.
- Fomentar, poñer en valor e exercer a solidariedade diariamente.

As seguintes propostas están pensadas para seren realizadas segundo a etapa na que se encontre a alumna ou alumno, aínda que podedes adaptalas ao voso grupo como mellor consideredes.

INFANTIL

Sabías que xogar é un dereito de todas as nenas e nenos? Xogando podemos aprender moitas cousas, porque nos leva a relacionarnos con outras persoas. Fixádevos que para Evhenia é un soño porque seguramente estea preocupada pola situación que está vivindo. Cal credes que é o seu xogo favorito? Podemos elixir en asemblea o xogo que máis nos gusta a todas a e todos e a xogar! (a profesora pode axudarnos a investigar sobre algún xogo tradicional ucraíno ao que despois xogar).




PRIMARIA

Imos crear un gran mural do xogo, porque xogar é un dereito de todas as nenas e nenos. Entre todas e todos imos representar nese mural o noso xogo favorito e imos comentar a que xogo credes que lle gustaría xogar a Evhenia ou que lle diríades, como le explicariades o voso xogo favorito para ensinarlle a xogar. Achades que lle gustan os mesmos xogos que a vós?

SECUNDARIA

As novas sobre a guerra en Ucraína foron mudando moito co tempo, ou máis ben o que mudou foi a frecuencia coa que aparecen. Hai un ano, a información era constante, aínda que agora mesmo o tempo reservado para as novas deste conflito diminuíu. Recolledes novas de hai un ano, de hai seis meses e de agora e debatede sobre a frecuencia de ditas novas, que tipo de información daban sobre o que estaba ocorrendo, se a infancia era a protagonista destas novas.



DI SI Á PAZ

Sabemos o importante que é educar para resolver conflitos pacificamente e estimular unha cultura baseada no diálogo e a empatía. Desde Save the Children cremos no alumnado como protagonista da acción, que se mobiliza para mudar o mundo e se forma en valores de solidariedade, respecto e nunha cultura de paz.

Mobilízate coas túas alumnas e alumnos coas actividades nas que te inscribiches. Precisamos unha marea de colexios que berren con forza un SI Á PAZ.



**SI TE MOVES,
O MUNDO MÓVESE**



Save the Children